



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

MANUEL XOSÉ LORENZO PENELA, SECRETARIO ACCIDENTAL DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO (res. 27/05/2014)

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 13.06.2014 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2. DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO PARA O ALOXAMENTO TRANSITORIO DE FAMILIAS CON PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DESAFIUZADAS DA SÚA VIVENDA HABITUAL. EXPTE 1780/433.

Antecedentes:

O día 05.06.2014 o técnico de administración xeral co conforme da xerente de Urbanismo informa:

I.- ANTECEDENTES

1.- A fin de evitar reiteracións, reproducíense os Antecedentes do informe do técnico que subscribe de 11.03.2014, conformado pola Xerente de Urbanismo, en tanto son coincidentes:

"1.- O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria de 10.03.2011, acordou destinar a arrendamento 28 vivendas municipais das 35 obtidas por cesión do Instituto Galego da Vivenda e Solo dos inmobles construídos na parcela XVIII-A do Plan Parcial de San Paio de Navia, e reservar as 7 restantes "[...] para a atención a colectivos especialmente desfavorecidos ou en situacións de emerxencia social" (exp. 35/433).

2.- As ditas vivendas foron afectadas a un programa para o realoxamento transitorio de desafuzados hipotecarios (exp. 1751/433), aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 10.05.2013.

Logo dos trámites oportunos, en sesión de 11.10.2013 o Consello da Xerencia Municipal acordou adxudicar 5 das 7 vivendas, declarando desertas as vivendas 4ºB e 6ºB, ambas adaptadas a persoas con mobilidade reducida.

3.- O 24.02.2014, a Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo ditou Resolución de inicio do presente procedemento (exp. 1780/433), para a adxudicación das dúas vivendas vacantes a persoas con mobilidade reducida, da que tomou coñecemento o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 28.02.2014.

4.- O 11.03.2014, o técnico que subscribe elaborou unha proposta de bases para a adxudicación en réxime de aloxamento transitorio a persoas con mobilidade reducida das dúas vivendas reservadas para tal fin, na que se segue en liñas xerais o esquema do Programa para o realoxamento transitorio de desafuzados hipotecarios."

2.- O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria de 14.03.2014, aprobou as bases do procedemento para a adxudicación en réxime de aloxamento transitorio de dúas vivendas municipais adaptadas a persoas con mobilidade reducida, e ordenou a apertura da convocatoria polo



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

prazo dun mes, contado dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro oficial de anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo.

As bases e a apertura da convocatoria publicáronse no Taboleiro de anuncios o 31.03.2014, segundo consta na dilixencia expedida polo Secretario da XMU o 14.05.2014, e no BOP n.º 71, de 11.04.2014.

3.- O 03.06.2014, o Secretario Xeral do Excmo. Concello de Vigo emitiu certificación na que constata a falta de presentación de solicitudes de participación no procedemento.

II.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE n.º 96, de 22.04.1986 (TRRL)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; BOE n.º 305, de 22.12.1986 (ROF)
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais; BOE n.º 196, de 15.07.1955 (RSCL)
- Código civil; BOE n.º 206, 25.07.1889 (CC)
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; BOE n.º 167, de 14.07.1998 (LXCA)
- Bases da convocatoria para a adxudicación en réxime de aloxamento transitorio de dúas vivendas municipais adaptadas a persoas con mobilidade reducida permanente (BOP n.º 71, de 11.04.2014)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

a) As bases do procedemento prevén a constitución dunha Comisión de Valoración, cuxa composición



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

está establecida na Base 7.5, á que se atribúe a función de baremar as solicitudes presentadas, consonte os parámetros establecidos na Base 7.6, e elevar ao órgano competente para resolver a proposta de adxudicación que corresponda.

Porén, a propia Base 7.5 prevé no seu parágrafo primeiro *in fine* que a constitución da Comisión de Valoración “[...] non será precisa se non se presentase ningunha solicitude de participación no procedemento, ou ningunha das presentadas é admitida definitivamente”.

No presente procedemento, non se formulou ningunha solicitude de participación, segundo se fai constar no Certificado do Secretario de 03.06.2014, polo que a Comisión de Valoración non precisa ser constituída.

b) A Base 9.2 prevé expresamente a desafectación do procedemento das vivendas que quedasen vacantes, nos seguintes termos:

“Así mesmo, quedarán desafectadas as vivendas que quedasen vacantes a partir da data de caducidade da lista de suplentes da convocatoria de que se trate, así como as que quedasen desertas por non ter sido adxudicadas, no caso de que no se presentasen solicitantes suficientes que cumpran cos requisitos indicados.”

c) En consecuencia, procede que polo órgano competente se declare deserto o presente procedemento, así como a desafectación ao uso como aloxamento transitorio en réxime de comodato das dúas vivendas afectas ao mesmo, o 4ºB e o 6ºB do portal 1 da rúa Teixugueiras, 17.

Ao non terminar o presente procedemento coa aprobación dunha listaxe de adxudicatarios e reservistas, non resulta procedente a publicación no BOP e no Taboleiro de Anuncios da XMU, prevista para aquel suposto na Base 8.2, polo que resultará suficiente a efectos informativos a publicación no apartado do Punto de Información de Vivenda da páxina de internet institucional do Concello de Vigo.

3.- COMPETENCIA

É competente para adoptar o acordo que a seguir se proporá a o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en atención ao disposto no art. 2.4.B.2 e 10.2.d dos vixentes Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, ...”

A seguir as asinantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: 1 voto do BNG: Sra Veloso Ríos;



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

A FAVOR: 8 votos: 4 votos do PP: Sres. Bernárdez de Dios, Egerique Mosquera, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro e 4 do PSG-PSOE: Sres. Abelairas Rodríguez, Lago Rey, López Font e Silva Rego.

Acordo:

O Consello, por maioría, adopta o seguinte acordo:

- PRIMEIRO: Declarar deserto o procedemento para a adxudicación, en réxime de aloxamento transitorio, das vivendas municipais 4ºB e 6ºB do portal 1 da rúa Teixugueiras, 17 -xunto cos seus anexos vinculados-, a persoas ou unidades familiares ou convivenciais nas que algún membro teña recoñecida a condición de persoa con mobilidade reducida de carácter permanente, por non terse presentado solicitudes dentro do prazo establecido.
- SEGUNDO: De conformidade coa previsión expresa da Base 9.2 das que rexen o procedemento (BOP n.º 71, de 11.04.2014), declarar a desafectación automática das ditas vivendas ao presente procedemento.
- TERCEIRO: Publicar o presente acordo no apartado do Punto de Información de Vivenda da páxina de internet corporativa do Concello de Vigo, a efectos informativos xerais.»

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe da sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo, o trece de xuño de dous mil catorce.

Me/Vº e Pº

A Vicepresidenta da XMU

María del Carmen Silva Rego

